



Confederación Intersindical Galega

BBVA

# Trámite

**CIG-BBVA**, ven de ser “informada” sobre o proxecto de *Servizos Financeiros Personais*, na xuntanza celebrada polos responsables de *Relacións Laborais* da empresa cos sindicatos máis representativos en BBVA ( Madrid, 19-11-2002).

Puro trámite. Confírmase a información xa comentada: Afectará as **oficinas tipo A e B**. Contarán cun novo modelo de xestión do negocio de particulares personalizado, atendido pola figura de **Asesores** ós que “voluntariamente” convenceran para asumir a **xornada partida**, 7,45 horas (Interrupción: unha hora para comer, pagada). Neste asunto, a empresa péchase á negociación, posición da que discrepamos os sindicatos porque entendemos que o proxecto non encaixa no Convenio colectivo e moito menos nos acordos sobre xornada e horarios para o personal do BBVA.



## Convenio. Artigo 25. Punto 4

*Obxecto da discrepancia na interpretación que merece para os responsables do banco. Señala: “ As empresas poderán establecer horarios, continuados ou non, distintos para o personal directivo e auxiliar de este ...e para o personal de produción (xestores e visitantes) así como axeitar o horario de servizo ó público...”. Para os directores da política laboral en BBVA aquí, neste texto, cabe a incorporación do modelo de horario “flexible” (xornada partida) que fixarán “voluntariamente” ós novos Asesores, mesmo contractualmente. Para nós, non é aceptable esa lectura.*

## Preocupante

CIG-BBVA valora a creación do novo SFP, dentro do chamado Proxecto Cliente, básicamente como unha operación de imaxe de cara ós mercados financeiros, na liña de reactivar o valor das accións. Os técnicos de comunicación da empresa pretenden, así, proxectar unha idea de impulso comercial a semellanza de experiencias desenvolvidas anteriormente por outras entidades bancarias; eso sí, limitadas na súa implantación ós mercados interiores, o cliente particular de toda a vida, moi concretamente ós que dispoñen de máis recursos de negocio. Non é labor sindical enxuizar as estratexias do banco, de non producirse efectos laborais. Non é o caso. Aquí, sen embargo, prodúcese unha preocupante involución na regulación das condicións laborais actualmente dadas, ó introducir procedementos de organización e traballo que alteran gravemente as normas pactadas en Convenio colectivo. Máis alá da inicial aparencia, o obxectivo declarado mostra nidiamente a pretensión empresarial que camiña cara a desregularización das condicións de traballo, creando un precedente (agora limitado só a persoas que formaran a rede de SFP) que vai condicionar o futuro de todos os que traballamos en BBVA. Debemos reaccionar, todos, para que o proceso teña as debidas garantías de negociación laboral.